### ZEPA Pena Trevinca

Unha parte do Macizo de Trevinca foi declarado Zona de Especial Protección para as aves , ZEPA, mediante Decreto 131/2008 da Xunta Galicia. Esta declaración pretende a protección e a conservación dos hábitats e das especies de aves presentes no territorio así coma das especies migratorias, especialmente a protección dos enclaves de reprodución, muda, invernada e descanso.

O Turismo Ornitolóxico ou Birding está centrado na observación e o recoñecemento de especies de aves, avistadas no seu entorno natural.





Segredos de Trevinca

Arbores de Lenda
988 35 01 36





Eido das Estrelas
988 34 35 54

O Trisquel
988 29 48 58





A Aira da Petada
676 48 29 02

galicia

TREVIHOST — O TRISQUEL — EIDO DAS ESTRELAS — AIRA DA PETADA — ÁRBORES DE LENDA

GOBIERNO DE ESPAÑA — MINISTERIO DE AGRICULTURA Y PESCA, ALIMENTACIÓN Y MEDIO AMBIENTE

XUNTA DE GALICIA

FEADER: Europa inviste no rural

Concello de A Veiga

Xeodestino Manzaneda Trevinca



# Birding Trevinca
## A Veiga



Segredos de Trevinca



| Nome galego | Nome científico | Estatus |
|---|---|---|
| Aguia calzada | Hieraaetus pennatus | Estival |
| Aguia cobreira | Circaetus gallicus | Estival |
| Aguia real | Aquila chrysaetos | Residente |
| Avenoiteira cincenta | Caprimulgus europaeus | Estival |
| Bufo real | Bubo bubo | Residente |
| Cegoña branca | Ciconia ciconia | Estival |
| Charrela | Perdix perdix hispaniensis Charrela | Residente |
| Choia | Pyrrhocorax pyrrhocorax | Residente |
| Escribenta hortelá | Emberiza hortulana | Estival |
| Esmerillón | Falco columbarius | Invernante |
| Falcón peregrino | Falco peregrinus | Residente |
| Gatafornela | Circus cyaneus | Residente |
| Lagarteiro | Falco tinnunculus | Residente |
| Lullula arborea | Cotovía pequena | Residente |
| Miñato abelleiro | Pernis apivorus | Estival |
| Millafre negro | Milvus migrans | Estival |
| Papuxa do mato | Sylvia undata | Residente |
| Pica campestre | Anthus campestris | Estival |
| Picanzo vermello | Lanius collurio | Estival |
| Picapeixe | Alcedo atthis | Residente |
| Tartaraña cincenta | Circus pygargus | Estival |

## As aves da Alta Montaña

Na ZEPA Pena Trevinca destacan :

* Aves rapaces , que cazan e se alimentan de prea, diurnas como as aguias e nocturnas como os bufos.

* Aves rupícolas, que teñen por hábitat os cantís e cavorcos rochosos , coma o voitre leonado.

* Aves acuáticas , que teñen por hábitats zonas acuáticas e humedais , coma garzas e patos.

A Aguia real poderá aparecer fronte os nosos ollos en calqueira época do ano .

Destaca un número importante e crecente de voitres leonados, que sobrevoan estas zonas na procura de alimento.

Este é o fogar das charrelas e das únicas poboacións reproductoras galegas de azulenta alpina e de chasto (chasco) norteño.

Sobrevoando as pradeiras e matogueiras de montaña será doado observar gatafornelas e tartarañas, así como os lagarteiros cerníndose sobre as súas presas.

En primavera podemos observar auténticas xoias da avifauna galega como a papuxa tomiñeira, a escribenta hortelá, o merlo rubio e a choia de bico bermello.




Segredos de Trevinca